

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de abril de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dous de abril de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(483).- ACTA ANTERIOR. Apróbese a acta da sesión 12 de marzo de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(484).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2007.

A delegada da área de Participación Cidadá, de conformidade coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de xaneiro e febreiro de 2007, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
12/02/07	ADQUISICIÓN MATERIAL OFICINA	2200000	200700006471	1.202,02	VARIOS
19/01/07	LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	2200100	200700001862	400,00	VARIOS
12/02/07	SEVIZOS POSTAIS E MENSAXERIA	2230000	200700006486	6.000,00	VARIOS
08/02/07	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	200700006176	2.000,00	VARIOS
02/02/07	ENCONTROS DE XIMNASIA	2260804	200700004056	3.538,00	BIEITO NOVA
02/02/07	TALLER TEATRO PARA MAIORES	2260804	200700004059	3.672,00	ALEJANDRA ABREU PÉREZ
02/02/07	OBRADOIRO DE DANZA TRADICIONAL E PERCUSIÓN	2260804	200700004061	10.434,70	WENCESLAO CABEZA DEL TORO
05/02/07	PRESENTACIÓN PROGRM. MAIORES	2260804	200700004115	3.661,00	NOVA OLIMPIA
05/02/07	CATERING PRESENTACIÓN PROGRM. MAIORES	2260804	200700004141	3.787,80	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS
01/03/07	RISOTERAPIA PARA MAIORES	2260804	200700010736	6.000,00	ELENA FERNANDEZ PEREZ
20/02/07	APLICACIÓN INFORMÁTICA GRESS	2270600	200700008383	11.954,32	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L
23/02/07	SERVIZO INTERPRETE ASOC. XORDOS	2270602	200700009355	12.000,00	ASOC. DE XORDOS DE VIGO
29/01/07	CATERING ACTV. INFOR. PLAN DROGAS	2270608	200700003331	145,00	VARIOS
30/01/07	TALLERES EDUCACIÓN SAÚDE	2270608	200700003710	6.650,00	MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES
15/02/07	CINENSINO 1º SEMESTRE 2007	2270608	200700006870	2.436,00	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L
15/02/07	CARTELERÍA FESTIVAL POBREZA 0	2270609	200700006845	445,44	IMPRESA PAZ, SL
15/02/07	EQUIPO SONIDO FESTIVAL POBREZA 0	2270609	200700006850	580,00	PIOGARCIA AUDIOVISUAIS, SL
15/02/07	DISTRIBUCIÓN CARTELERIA FESTIVAL POBREZA 0	2270609	200700006851	171,22	SINSELLO
15/02/07	ADQ. GALLETAS E CACAO, SENSIB. FESTIVAL POBREZA 0	2270609	200700006859	186,00	INTERMON OXFAM
23/02/07	ACTIVIDADES REHABILITACIÓN PERSOAS CON ENF. MENTAL	2270614	20070000	6.000,00	DOA

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(485).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/1278, 14/998, 11/1427.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Alvaro del Río Rial. Expte. 11/1427.
- D^a. Cecilia Gómez Pérez. Expte. 14/1278.
- D^a. M^a Carmen García Cameselle. Expte. 14/998.

4(486).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DELFIN TIME S.L. CONSTITUÍDO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO FÚTBOL PARK EN SAMIL. EXPTE. 6900/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval constituído por Delfin Time, S.L., co número de operación 200700014238, por importe de 6.000 €, para responder de posibles danos na pista de patinaxe de Samil consecuencia da celebración do evento FÚTBOL PARK os días 9, 10 e 11 de marzo de 2007, debido á non existencia de danos na dita instalación municipal”

5(487).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR A XLII VOLTA VIGO- BAIXO MIÑO – VAL MIÑOR O DÍA 21 DE ABRIL DE 2007. EXPTE. 6914/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar a XLII Volta Vigo-Baixo Miño-Val Miñor, a celebrar o vindeiro día 21/04/2007, cun percorrido pola cidade de Vigo nos seguintes tramos: saída da cidade de Vigo ás 14.15 horas na Travesía de Vigo (cruce Av. Bos Aires), e chegada ás 17.45 horas pola Rotonda de San Andrés, Av. Florida e remate na rúa Padre Seixas”

6(488).- DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUIDO PARA A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA FINCA REYMAN-COIA. EXPTE. 11900/444.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 26.03.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro de 2006, acorda entre outros autorizar a Juvesport, S.L. a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Finca Reyman en Coia entre os días 1 de decembro de 2006 e o 14 de xaneiro de 2007.

Ao mesmo tempo que debe constituir unha fianza por importe de 6.000 Euros co obxecto de subsanar os posibles danos que se poidan ocasionar.

A referida fianza foi constituída en data 4 de decembro de 2006 pola empresa Actozero, S.L., co C.I.F. B36909687 e unha validez ata o 4 de marzo de 2007.

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, D. Miguel A. Fernández Ferreiro, en representación da empresa Actozero, solicita a devolución do aval constituído.

Consultado o departamento de Montes, Parques e Xardín, informa que a parcela onde estivo a citada pista de xeo sufriu unha serie de desperfectos de certa consideración que na actualidade xa están subsanados.

E polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Proceder á devolución do aval constituído pola empresa Actozero, S.L. por importe de 6.000 Euros, para a explotación da pista de xeo instalada no Parque Reyman “Coia”, tendo en conta que os desperfectos ocasionados sobre o entorno como consecuencia da actividade da mesma xa están subsanados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(489).- PROXECTO DE MODIFICADO “COSTE CERO” DO PROXECTO DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL SINTÉTICO DE CANDEÁN. EXPTE. 5691/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 26.03.07, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 30 de decembro de 2005, a Xunta de Goberno Local (con carácter extraordinario e urxente) adoptou o acordo de adjudicar o expediente 5.961/333 das “Obras de Construcción de vestiarios no campo de herba sintética de Candeán”, á empresa Oresco, S.A.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantease a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (BOE 21.06.2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (BOE 26.10.2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación aos efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial de acondicionamento dos vestiarios para o campo de fútbol de herba sintética en Candeán – Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(490).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE AZAFATO/A DE CAIXA. EXPTE. 4194/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 15.03.07 e dea cordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.03.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Azafato/a de caixa de gran superficie” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego (anexo I), que se desenvolverá no presente ano 2007.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso (anexo II).

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 2.977,55€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” para facer fronte a execución do presente convenio de colaboración ao abeiro do programa de "Formación en empresas con compromiso de contratación" do Plan municipal de emprego 2004-2007.

Anexo I

CURSO AZAFATO/A DE CAIXA DE GRAN SUPERFICIE DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser indutor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos.

Deste xeito, sendo de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publicouse anuncio na prensa local o día 16 de febreiro da convocatoria para participar no Plan Formativo que se desenvolverá no ano 2007.

Na solicitude presentada pola empresa Alcampo, S.A. o deseño do curso “Azafato/a de caixa de gran superficie” ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que esta empresa amosa por facer este curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 18 e 30 anos con graduado escolar, boa imaxe e presenza), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte Alcampo, S.A. leva xa colaborando no programa de Formación en empresas con compromiso de contratación varios anos cun alto grado de satisfacción por parte do alumnado e posteriormente traballadores/as así como por parte do equipo do Servizo de orientación laboral. O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses, e este compromiso sempre superouse alcanzando na maioría dos cursos o 100% de persoas contratadas con contratos de duración mínima de seis ou oito meses.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

	1. DE	1. N° HORAS N° ALUMNOS/AS	ENTIDADE	IMPORTE (euros)
AZAFATO/A DE CAIXA DE GRAN SUPERFICIE	20	125	ALCAMPO,S.A.	2.977,55

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de marzo, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/05/1997.

SELECCIÓN DO ALUMNADO

O curso terá unha participación máxima de 20 persoas, que serán divididas en dous grupos para facilitar a súa aprendizaxe.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriran tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2007 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 1.776,54€.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización do curso (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 1201,01€.

2.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 2.977,55€

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

Anexo II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO, S.A PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "AZAFATO/A DE CAIXA DE GRAN SUPERFICIE”

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Juan Carlos Bouzón Loureiro con NIF 36044829-B en nome e representación da empresa ALCAMPO, S.A. con domicilio na rúa Grove, s/n da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro do ámbito produtivo real.

SEGUNDO: A empresa ALCAMPO, S.A. é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa. A prospección de mercado no sector da alimentación feita polas técnicas de inserción sinala que Alcampo, S.A. é a unha das empresas na que é posible a realización do curso de Azafato/a de caixa de gran superficie e asume o compromiso de contratar o 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, polo que con ela procede desenvolver esta actividade.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 125 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 20 persoas como “Azafatos/as de caixa de gran superficie” e co compromiso de contratar, por parte da empresa ALCAMPO, S.A., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de ALCAMPO S.A.

A empresa ALCAMPO, S.A. organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar cos seus propios medios o curso, motivo deste convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

Ademais deste compromiso, serán obrigas da empresa ALCAMPO, S.A. as consignadas no artigo 14.1 LXS.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o

desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 2.977,55€. No referido ao pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará esta cantidade nun único pago ao remate da acción formativa.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que se deberá achegar os xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación realizarase como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 LXS)

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

CLÁUSULA FINAL

“Serán finalmente de aplicación ó presente convenio as normas da Lei xeral de subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei xeral de subvencións, a lexislación básica do Estado de réxime local, as restantes normas de dereito administrativo, as bases de execución do presuposto vixente e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentar”.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

9(491).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CINE CLUBE LUMIÈRE PARA ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O ANO 2007. EXPTE. 2143/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 14.03.07 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e animación sociocultural, do 7.03.07, conformado polo concelleiro de Festas e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumière para a organización de programación de cine no auditorio municipal durante o ano 2007.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 12.000.-euros, a favor do Cine Clube Lumière, CIF G-36758696, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512 4890000 “Transferencias a entidades sen ánimo de lucro” do programa de Festase e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- CINE CLUBE LUMIÈRE
PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN DE CINE PARA 2007*

Vigo, de dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª ANABEL GONZÁLEZ PENÍN, NIF 36.089.492, PRESIDENTE e en representación do CINE CLUBE LUMIÈRE, CIF G-36758696, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Doutor Cadaval, 33, 4º A; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

Que o Cine Clube Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica en versión orixinal.

Que O CONCELLO está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo asinou convenio de colaboración similar no ano 2006.

O reximen xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións e a súa Regulamento de desenvolvemento.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademáis ó previsto no art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no art. 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e ós municipios galegos, no art. 80.2.n. da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación de cine en versión orixinal ó longo do exercicio 2007 no Auditorio Municipal.

SEGUNDA.- As obrigas que asume O CONCELLO son as seguintes:

- 1. Achegar a cantidade total de 12.000.-€, con cargo á partida con cargo á partida 4512 4890000 “Transferencias a entidades sen ánimo de lucro” do programa de Festase e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 2. Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para tódolos luns dos periodos indicados do exercicio 2007, para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á ENTIDADE, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentariase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose O CONCELLO da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.*

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

- 1. Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.*
- 2. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin.*
- 3. Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións necesarias para a súa realización.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*

6. *Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*
7. *Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e ingresos.*
Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.

CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo do presente convenio, ascende a un importe total de 24.486,56.-€. -euros, dos que O CONCELLO financiará un importe total de 12.000.-euros.

QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE.

SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (12.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0169 50 0040002976, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:

a) Un primeiro pagamento por importe de 6.000.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período marzo-xuño. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 6.000.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período setembro-décembro. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A Concellería de Festas resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posible axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006 e así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

ANEXO I

ORZAMENTO

Segundo a documentación presentada polo CINE CLUBE LUMIÈRE, o orzamento de gastos previsto para a organización da programación de cine para o ano 2007 é o seguinte:

A) GASTOS:

* Aluguer de películas	14.610,96 €
* Aluguer de oficina	1.881,82 €
* Imprenta	1.800,03 €
* Proxeccionista	1.902,05 €
* Portes	1.650,35 €
* Organización xeral	2.641,37 €

TOTAL 24.486,56 €.

B) INGRESOS:

* Cotas de socios e colaboradores	7.637,57 €
* Achega do Concello de Vigo	12.000,00 €
* Publicidade	4.849,05 €

TOTAL 24.486,56 €.

ANEXO II

DECLARACION RESPONSABLE

D/Dª _____ con DNI _____

En representación de _____ con relación á convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2007.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade peticionaria á que representa non se atopa incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que a mesma esixe para obter a condición de beneficiaria.

En Vigo, a de de 2007
(sinatura e selo)

10(492).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FA.
ESPADA RE CAREY LUIS	0703349	12.000,00	12.000,00		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0701381	22.800,00	22.800,00		
“	0701197	22.200,00	21.200,00	1.000,00	
“	0701378	418,69	418,69		
LOPEZ MOURE JESUS	0701372	149,80	149,45	0,35	
“	0701373	74,80	74,80		
“	0701385	4.674,80	4.674,80		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0656275	200,00	135,24	64,76	
“	0655045	200,00	141,80	58,20	
“	0655046	122,07	116,10	5,97	
“	0655043	926,84	926,84		
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	0655931	601,01	374,90	226,11	
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	0701395	225,00	225,00		
“	0703795	191,81	191,81		
“	0703367	516,00	508,30	7,70	
“	0703368	244,14	244,14		
“	0703799	1.650,00	1.650,00		
“	0703801	225,44	225,44		
“	0703800	174,16	173,56	0,60	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0701370	500,00	406,60	93,40	
“	0701371	700,00	325,08	374,92	
“	0649440	4.500,00	4.364,74	135,26	
“	0706791	700,00	0,00	700,00	
“	0706792	93,50	0,00	93,50	
“	0656283	2.000,00	1.885,64	114,36	
“	0637867	1.500,00	733,37	766,63	
“	0657929	4.000,00	3.788,19	211,81	
“	0706795	700,00	530,16	169,84	
“	0706794	150,00	0,00	150,00	
TOTAL			78.264,65		

11(493).- ASISTENCIA DA TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Ó CURSO DE FORMACIÓN DE PROFESORES DE GALEGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 606/334.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 16.03.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Prestar conformidade á asistencia ó “Curso de formación de profesores de galego en Santiago de Compostela da técnica de Normalización Lingüística de cara á aprobación dun libramento a xustificar por importe de 490 €, repartidos: matrícula 40 € con cargo á partida 4633.162.00.00 e locomoción 450 € con cargo á partida 4633.231.00.00 do vixente presuposto, a nome da funcionaria Laura Iglesias Rodríguez, NIF 36.157.519-R, que será ingresado na conta habilitada de tesourería 2080/0000/72/0040287905, para facer fronte a estes gastos.

12(494).- RECLAMACIÓN DE D. JOSEFA GÓMEZ PUENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 293/243. RESPONSABLE UTE-AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Josefa Gómez Puente presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de agosto de 2004, no que expón que o 10 de agosto de 2004, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9756-AB, estacionado nas inmediacións do estadio de Balaídos, foi inundado.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 10/08/2004, no que o axente actuante indica que, persoado no lugar dos feitos, a Sra. Gómez relátalle o incidente que sufrira o seu vehículo, por mor de que os sumidoiros da zona non filtraban a auga existente; igualmente, comproba que unha das alfombras do vehículo se atopaba encharcada.*
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en datas 16/03 e 27/05/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 28/02/2007, que non formula alegacións.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/02/2007, no que indican que na data do accidente a incapacidade do colector de augas era manifesta e que, na actualidade, estase a redactar un proxecto para solventar os problemas de inundacións no lugar.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que a solicitante sufriu danso no seu vehículo, matrícula PO-9756-AB, estando este estacionado na rúa Olímpicos, ó entrarlle auga no seu interior ó non canalizaren os sumidoiros existentes a auga caída debido a unha incapacidade do colector. Achega factura de reposición de moqueta por importe de 12,95 euros.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das

Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Gómez Puente.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 12,95 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(495).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA CRISTINA CARBALLA MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 661/443. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 20.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Cristina Carballa Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de xuño de 2005 no que expón que o día 10 de abril de 2005 unha brigada de bombeiros, para acceder a un piso, tivo de pasar pola súa vivenda (avenida da Florida nº 121 piso 7ª F) causándolle danos materiais (rotura dun tendal, mancha dunha alfombra).

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Bombeiros, con data 06/07/2005, sobre a intervención realizada o día 10 de abril, no que recoñecen teren causado os danos na mampara do tendal.*
- Informe da Oficina Municipal de Información ó Consumidor, con data 14/09/2005, no que se indica que o presuposto presentado pola reclamante é correcto.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 30/09/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- Son feitos probados no expediente que o día 10 de abril de 2005, o servizo de Bombeiros, requirido pola Policía Local de Vigo, acedeu a unha vivenda polo piso da reclamante, producindo danos na mampara do tendral, valorados en 406 euros, orzamento contrastado polos inspectores de consumo do Concello.

Resulta acreditado, polo tanto, un dano avaliado economicamente, así como a súa conexión causal co funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Cristina Carballa Martínez polos danos materiais ocasionados na súa vivenda (sita na avenida de Florida nº 121, piso 7º F) o día 10 de abril de 2005 e indemnizala coa contía de 406 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14.- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE GUISANDE ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 603/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Enrique Guisande Estévez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de maio de 2005, no que expón que o día 29 de outubro de 2004, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9370-AX, polo camiño da Raposeira, confluencia coa Baixada ó Postillón, provocou danos materiais no mesmo golpeándose contra un camiión, ó esvarar o vehículo por mor da presenza dunha substancia esvaradiza na vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 29/10/2004, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a presenza dunha substancia esvaradiza na vía, posibelmente gasóleo.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 23/06/2005, indicando que, tras recibir unha chamada da Policía Local, realizaron traballos de limpeza dunha mancha de gasóleo no lugar do accidente.
- Informe do Parque Móbil, de data 20/10/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 331/2004 de Talleres Bada, presentada polo reclamante, por un importe de 1.056,48 euros IVE incluído, son correctos; igualmente, estiman o valor venal do vehículo en 900 euros.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 29/11/2005, indicando que no camiión da Raposeira faise un varrido manual cunha frecuencia de dous días á semana; igualmente que o último día que se efectuara limpeza antes do accidente fora no día 28 de outubro.
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza, que formula alegacións en data 20/10/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante (mediante a publicación por edictos), en data 17/11/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril,

Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abundas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexos causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de vías.

Seguindo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza posterior e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.

E así resulta constatado no expediente:

- Do informe de Tráfico 2958/0-04, emitido pola Policía Local, que persoados os axentes no lugar do accidente entre o vehículo matrícula PO-9370-AX e o camiión matrícula PO-8262-AY, co resultado de danos materiais, observaron ó longo de toda a calzada do Camiño Raposeira e ata o seu cruce coa Estrada de Lameiro, abundantes restos dunha substancia esvarante, presubilmente gasóleo.*
- Se ben consta no citado informe que a semana anterior, nas inmediacións, produciuse outro accidente de similares características e por idénticas características e por idénticas circunstancias, hai informe de 29/11/2005 do servizo de Limpeza do Concello de que no Camiño da Raposeira coa rúa de Lameira faise un varrido manual con operario e con porter cunha frecuencia de dous días á semana (martes e venres), e as últimas datas na que se efectuou a limpeza da zona antes do accidente denunciado foron os días 25 e 28 de outubro, isto é, limpiouse a calzada o día anterior ó accidente.*
- Os axentes actuantes, debido á gran extensión das manchas de gasóleo ó longo do Camiño Raposeira, deron aviso ós servizos de Limpeza que procederon a subsanar as deficiencias, e sendo o accidente sobre ás 09:30 horas, hai informe do servizo de limpeza de 23/06/2005 no que se di que efectivamente despois de recibir a chamada da Policía Local a partri das 10:00 horas o persoal de limpeza contratado realizou os traballos de limpeza da mancha de gasóleo no lugar.*

Cuarto.- Por todo o que, acredita que a intervención dos servizos municipais con anterioridade ó accidente foi a correcta, así como que unha vez acaecido este foi rápido, unha vez avisados, actuando coa dilixencia debida ó efecto, é polo que procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial por falta de nexa causal necesario entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Enrique Guisande Estévez polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9370-AX, por mor dun accidente ocorrido o día 29 de outubro de 2004 no camiño da Raposeira”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(497).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO JUSTE IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1319/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Antonio Juste Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de novembro de 2006 no que expón que o día 16 de novembro de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula 5899-CKG, estando estacionado no garaxe do Concello, sufriu unha serie de raiazos, valorados en 923,36 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 16/11/2006, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos a requirimento do reclamante, comproba os raiazos nas seguintes partes do vehículo: aletas dianteiras, aletas traseiras, portas e capot; igualmente manifesta descoñeceron quen puido ser o autor dos danos ocasionados.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 02/01/2007, comunicando que o vehículo foi examinado nas dependencias do dito servizo; igualmente que os prezos contidos no presuposto de Talleres System Móvil, presentado polo reclamante, por un importe de 923,36 euros IVE incluído, resultan razoábeis.*
- *Práctica de proba testifical en data 09/02/2007 á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Juste pero tampouco viu no momento en que o coche foi raiado.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar, constátase a existencia dun dano avaliábel economicamente no vehículo marca Mercedes Benz, modelo 220 CDI, de cor gris prata e matrícula 5899-CKG, propiedade do reclamante, que vén presupostado en 923,36 euros, importe que o servizo do Parque Móbil do Concello estima razoábel.

Terceiro.- Procede polo tanto determinar a relación de causalidade entre o mencionado dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A este respecto, non se pode obviar que ten recaído doutrina do Consello Consultivo de Galicia (ditame nº 498/00 de 07/12/2000) no tocante precisamente ó carácter deste aparcadoiro, nun caso similar. E así, neste ditame estímase que a Administración municipal non asume ningún tipo de servizo en relación cos vehículos que se estacionan no garaxe nin se converte polo feito da coincidencia espacial do turismo na sede da Administración nun asegurador universal dos danos que nel se produzan, nin consta ningunha relación de depósito.

Cuarto.- En todo caso, e con independencia do anterior, é un feito incontrovertido no expediente a actuación dun terceiro, que incivicamente produciu os danos no vehículo, por canto o reclamante fai referencia a canto á utilización dun obxecto punzante, tese na que se reafirma o axente de Policía que actuou, indicando que se descoñecía quen puido ser o autor, e a propia testemuña fala dunha chave ou obxecto punzante e que semellaba como se algún fose raizando o vehículo por un lado e por outro.

Se ben o carácter obxectivo dos da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas a consecuencia do funcionamento dos servizos públicos configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou de resultado, isto é, con independencia de mediación da culpa, negligencia ou ilegalidade, é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000, entre outros), a que sostén a exoneración de dita responsabilidade, cando é a conduta dun terceiro a única determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración. Nestes supostos a doutrina ten dito que esa conduta dun terceiro rompe o nexo causal e exime de toda responsabilidade á Administración, non podendo achacarlle unha “culpa in vigilando”, dada a imposibilidade de submeter a seguimento e control permanente a cantos fan uso dos servizos públicos (ditame Consejo de Estado nº 51552, de 25/02/1988), aínda cando fose incorrecto o seu funcionamento.

Quinto.- Por outra banda, cando o dano se imputa a unha omisión pura da Administración, é mester para integrar ese elemento causal determinar se dentro das pautas de funcionamento da actividade de servizo público ó seu cargo, inclúese a actuación necesaria para evitar o menoscabo (STS 07/10/1997). E así é importante salientar que, aínda que o aparcadoiro no garaxe do soto segundo do Concello non se poida incardinar no concepto de ningún servizo público, a Administración municipal ten procurado nel diversas actuacións de vixilancia e control co obxecto de evitar o menoscabo nos bens do seu persoal no citado lugar. E así, ademáis de diversos Decretos ditados polo correspondente Concelleiro de Persoal (de 29/08/1995, 08/07/2002, 13/05/2003) en orde a impedir o acceso ou saída do garaxe de quen non teña a debida autorización, ou a quen non dispoña de praza vacante, no expediente constan diversas actuacións en orde á vixilancia do garaxe realizadas a instancia do Comité de Empresa, e no día en que aconteceron os feitos compróbase que na entrada se atopaba un Policía Local.

Sexto.- Acreditado que non hai ningún servizo público municipal establecido no garaxe mencionado, así como que en todo caso o feito causante dos danos foi a actuación dun terceiro, de quen se descoñece a súa identidade, pódese concluír que no presente suposto non concorre o nexo causal que a lei estima necesario entre o dano producido e o funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que procede desestimar a solicitude de responsabilidade patrimonial do Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Antonio Juste Iglesias polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 5899-CKG, o día 16 de novembro de 2006 no garaxe do edificio do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(498).- RECLAMACIÓN DE D^a. VIRGINIA VIZOSO DÍAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 669/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 21.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Virginia Vizoso Díaz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xullo de 2005 no que expón que o día 5 de maio de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 4106-BMD, pola rúa Hernán Cortés e sufriu danos materiais nunha das rodas do mesmo, ó pasar por encima dun bolardo que se atopaba roto e caído na intersección coa rúa María Berdiales.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 05/05/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vizoso relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban o estado da roda accidentada e dun pivote que había dobrado na intersección das rúas Hernán Cortés e María Berdiales.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/09/2005.*
- *Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, de data 31/05/2006, no que indican que segundo as fotos que constan no expediente, o bolardo non se atopaba na calzada, senón na beirarrúa.*
- *Informe do servizo do Parque Móbil, de data 19/01/2007, comunicando que os prezos contidos na factura nº 0501107 de Talleres Fontán, presentada pola reclamante, por un importe de 71 euros, IVE incluído, son correctos.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade dun dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- No expediente solicitouse á Policía Local que achegase parte de servizo dos feitos, e no que manifestan que unha vez requiridos sobre ás 19:00 horas pola reclamante, comprobaron os danos na roda do vehículo, manifestándolles Dña. Virginia Vizoso que os ditos danos fórono polo pivote situado no cruce das rúas Hernán Cortés e María Berdiales.

O departamento de Seguridade e Circulación viaria emitiu informe de data 31/05/2006, e no que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, dise “Segundo as fotografías achegadas pola reclamante non semella que o bolardo derrubado supoña un obstáculo na calzada, por atoparse na beirarrúa, nin da documentación obrante no expediente pódese inferir que daquela se atopaba derrubado antes do vehículo da reclamante, sendo visíbel en todo caso”.

Consonte co anterior, tanto as fotografías achegadas pola reclamante como outras que obran no expediente obsérvase claramente que o bolardo, tanto no suposto de que estivese derrubado como se non, ó paso do vehículo atópase na beirarrúa e non na calzada. Tendo en conta a data 05/05/2005, así como a hora da actaución dos axentes (19:00 horas) había unha boa visibilidade e en calquera caso non se trataba dun defecto oculto.

É evidente, polo tanto, que soamente un despiste ou grave negligencia da reclamante puido ser a causante dos danos no seu vehículo ó invadir a beirarrúa, zona non apta para a circulación de vehículos, polo que procede desestimar de pretensión de recoñecemento de responsabilidade ó non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Virginia Vizoso Díaz por un accidente ocorrido o día 5 de maio de 2005 no cruce das rúas Hernán Cortés e María Berdiales”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(499).- RECLAMACIÓN DE D. MARÍA ROCÍO SOTELO SANTOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 675/243. RESPONSABLE ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Rocío Sotelo Santos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xullo de 2005, no que expón que o día 14 de maio de 2005, o vehículo de súa propiedade, matrícula 9533-CDR, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 23/08/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 13/09/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 05/0791 de System Movil Vigo, presentada pola reclamante, por un valor de 22,04 euros son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria dos servizo de guindastre municipal, Estacionamientos y Servicios, que formula alegacións con data 17/10/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 02/12/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A reclamante afirma que a consecuencia da retirada do vehículo polo guindastre producíronse danos na roda do seu vehículo, feito do que deixou constancia no momento da súa recollida. Achega copia da taxa de autoliquidación polo servizo no que no parágrafo “observacións” manifesta que “Rueda delantera izquirda: en el momento de la recogida del vehículo del depósito se encuentra pinchada”, así como factura de reparación de 22,04 euros, importe que o servizo do Parque Móbil estima correcto.

Pola súa banda, a empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, achega ficha de retirada do vehículo na que constan golpes en porta dianteira dereita, aleta esquerda e rascazos e crocaduras varias, así como fotografías do vehículo, indicando que non se fan cargo dos danos reclamados.

Terceiro.- Os artigos 128.1.3 do Decreto de 17/06/1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e 121.1 da Lei de 16/12/1954, de Expropiación forzosa, impoñen ó concesionario dun servizo a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasiona o funcionamento do servizo, e de acordo co artigo 123 da mesma lei, se ben a reclamación se dirixirá á Admistración que outorgou a concesión, esta deberá resolver tanto sobre a procedencia da indemnización sobre como quen a debe pagar, de acordo co artigo 121 mencionado.

O Prego de Condicións da contratación do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, aprobado polo Pleno do Concello o día 10/11/1993 e que se adxudicou á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., na súa cláusula V.3 obriga ó adxudicatario a dispoñer de póliza de seguro de responsabilidade civil por danos, roubo e incendio con garantía suficiente para cubrir os riscos que se poidan ocasionar ós propios vehículos, ou a terceiras persoas con ocasión do traslado, depósito e custodia dos vehículos ou obstáculos retirados da vía pública.

Cuarto.- Polo exposto, e acreditado que a reclamante sufriu uns danos na roda do seu vehículo, que nin constan na ficha de retirada, nin aparecen nas fotografías previas que se achegan, e que as tiña ó ir a retiralo do depósito municipal, procede estimar a reclamación efectuada ó apreciarse o nexo causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Rocío Sotelo Santos, por certos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 9533-CDR, retirado polo guindastre municipal o 14 de maio de 2005.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, debendo a dita empresa indemnizar á Sra. Sotelo na contía de 22,04 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(500).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ BARREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 692/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 21.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Dolores Domínguez Barreiro presenta en representación da súa nai, Dna. Adoración Barreiro Carracedo, reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xullo de 2005, no que expón que un sinal vertical de tráfico caeu sobre o muro da vivenda da súa propiedade (sita na rúa Esturanes número 56), causándose destrozos ó dito muro.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 31/01/2006, no que manifestan que se dera orde á empresa concesionaria do servizo de mantemento da sinalización que retirase un sinal en mal estado da rúa Esturanes número 56 e se colocase na marxe oposta da mesma rúa; igualmente, indican descoñecer as causas dos danos ocasionados ó sinal.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 06/04/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, de data 13/11/2006.*
- Informe do Arquitecto municipal, de data 09/02/2007, no que indica que o presuposto nº 33/05 de Construcciónes Colme, por valor de 450 euros máis IVE, é correcto en base á restitución dos danos acaecidos.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/02/2007, no que manifestan non teren realizado ningunha reparación no lugar de referencia.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en

materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- Son feitos probados no expediente, consonte co informe de data 13/11/2006, e de acordo co artigo 89.5 da Lei 30/1992 que un sinal R-101 se atopaba en data 20/07/2005 inclinado cara ó muro do inmóbel sito na rúa Esturanes número 56, estando suxeito pola súa base, así como que no mencionado muro había unhas celosías tiradas e rotas na parcela da vivenda a consecuencia do anterior. Tamén se comprobou que o sinal fora golpeado, descoñecendo data e circunstancias do ocorrido.

Do anterior se desprende a intervención no feito causante dun terceiro descoñecido pero allego á Administración que consciente ou inconscientemente golpeou o sinal facendo que este se inclinase e rompese parte do muro da reclamante, polo que se rompe o carácter directa entre o actuar administrativo e o prexuízo ocasionado, que soamente podería existir, caso de que, unha vez golpeado o sinal e advertido o feito ó Concello, este non tivese actuado, o que non acontece neste suposto, por canto resulta do informe anterior que inmediatamente ocorridos os feitos, xirouse visita ó lugar para comprobar os feitos.

O funcionamento do servizo do que responde a Administración será aquel que se pode controlar por medios normais e razoábeis, e o nexo causal entre a actuación administrativa e o dano ten que ser directo, inmediato e exclusivo. Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a condutga do propio prexudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, por canto a causa determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración.

Sendo este o caso, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración coa subseguente indemnización, por non resultar acredita a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

E así acredita unha orixe allea á prestación de ningún servizo público que rompe o carácter directo entre o actuar administrativo e o prexuízo ocasionado é polo que procede desestimar a solicitude.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Dolores Domínguez Barreiro, en nome e representación de Dna. Adoración Barreiro Carracedo, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(501).- RECLAMACIÓN DE D^a. CRISTINA VIJANDE CEA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 628/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 21.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cristina Vijande Cea presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xuño de 2005, no que expón que o día 1 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola beirarrúa da glorieta exterior do Porto Pesqueiro, sufriu unha caída ó tropezar cunhas baldosas que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/06/2005.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.220,90 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 11/10/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Vijande.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 08/02/2006, indicando que a titularidade e mantemento da rotonda é de competencia da Autoridade Portuaria.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 21/02/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 23/02/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano

padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente resulta que:

- *O día 01/08/2004, segundo informa o servizo da Policía e Vixilancia do Porto de Vigo en data 07/08/2004, a reclamante sufriu unah caída ás 21:15 horas, o que lle causa feridas aparentemente leves na perna dereita á altura do xonllo. Segundo este informe, a accidentada foi acompañada polo seu pai a un centro hospitalario, e o pai na proba testifical practicada á pregunta de se a acompañou ó hospital, manifesta que si.*
- *Non hai parte de asistencia médica referente á data da caída e si dun día posterior, de 02/08/2004, no que se aprecia dor á antepulsión do ombro dereito e dor á palpación na rexión posterior palmar dereita.*
- *Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras emitíuse este o 27/06/2005, xunto con fotografías do lugar do accidente, que as testemuñas identifican como tal, e no que se di que as dimensións do desperfecto das lousas son de aproximadamente de 2 m², así como éste se observa a uns 3 metros de distancia, así como que no lugar hai máis baldosas levantadas.*
- *Cando aconteceron os feitos, segundo a proba testifical practicada, era de día e había boa visibilidade.*
- *Dna. Cristina Vijande valora os danos físicos padecidos en 3.108,60 euros, cifra da que difere o ditame médico solicitado ó efecto e no que, consonte co establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992, dise: “Por las lesiones que ha presentado se consideran aceptables 60 días de curación, 10 de incapacidad total y el resto parcial y tras la valoración del informe de la Dra. Amaro Prieto y del informe de urgencias de la Dra. Reguera, no estoy de acuerdo con la valoración del Dr. Javier Couñago Cea en cuanto a las lesiones que reconoce”, e que valora as mencionadas lesións en 1.691,73 euros. Reclama ademais 360 euros en concepto de sesións de fisioterapia, petición que en todo caso tería que ser rexeitada, por canto este tratamento non foi prescrito medicamente e o tratamento médico refírese soamente a calor local e Paracetamol.*

Resultan obvias as contradicións que hai no expediente no tocante ás lesións que lle produciu a caída en data 01/08/2004 a Dna. Cristina Vijande, non existindo parte de asistencia médica na data da caída, senón nun día posterior, tendo que dar preferencia ó informado polo servizo de Policía e Vixilancia do Porto de Vigo, dado o seu carácter gubernativo e imparcial contra as testemuñas propostas, polo vínculo familiar que lles une coa reclamante (ditame do Consello Consultivo de Galicia 110/2005).

En todo caso e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano, e seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Cristina Vijande Cea por unha caída ocorrida o día 1 de agosto de 2004 na glorieta exterior do Porto Pesqueiro, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(502).- RECLAMACIÓN DE D^a. FILOMENA CASTRO LARRÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 670/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 21.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Filomena Castro Larrán presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xullo de 2005, no que expón que o día 9 de xuño de 2004, mentres camiñaba pola rúa San Amaro, á altura da gasoleira, sufriu unha caída por mor do mal estado dunha baldosa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/08/2005.*
- *Práctica de proba testifical, con data 06/09/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Castro, aínda que non a tivese visto tropezar, senón caer.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/09/2005.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.221,18 euros.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 20/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 14/02/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta acreditado que a solicitante caeu na beirarrúa da rúa San Amaro o día 09/06/2005, producíndose lesións físicas que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 3.221,18 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No expediente hai informe do sevizo de Vías e Obras de data 14/09/2005 incorporando fotografías do traxecto da reclamante e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, no que se di que non hai ningún punto no que se poida deducir que foi a caída, xa que non hai falla de lousas, buratos ou calquera outro estorbo que poida producir tropezóns e caídas.

En trámite de audiencia a reclamante achega outras fotografías que non desvirtúan o anterior. Ademais, a testemuña non puido identificar o lugar do accidente.

Reseñar que no día 09/06/2005 e na hora na que se sinala ocorreron os feitos segundo a citada testemuña era de día e había boa visibilidade.

Cunha observación detallada das fotografías apreciábase algunha irregularidade do firme da beirarrúa, pero que son apreciábeis por un viandante medio – non se obxectiva no expediente ningunha disfunción sensorial ou física na reclamante que xustifiquen unha ponderación inferior – e consecuentemente e de acordo coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia (ditame, entre outros, 380/2006), resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar, sendo presumíbel unha deficiente aplicación da dilixencia debida ó camiñar. E todo iso con independencia de que non resulta acreditada a caída no lugar concreto, ó non ser identificado correctamente pola testemuña.

Por todo o que procede conceptuar a caída referenciada como un accidente común, sen relación co funcionamento de ningún servizo público municipal e polo tanto non indemnizábel por esta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Filomena Castro Larrán por unha caída ocorrida o día 9 de xuño de 2005 na rúa San Amaro”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(503).- RECLAMACIÓN DE D. BRUNO CROQUES BAUTISTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 939/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 15.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Bruno Croques Bautista presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de febreiro de 2006, no que expón que o día 9 de febreiro de 2005, ó ir a recoller a motocicleta de súa propiedade, matrícula 3296-CNP, que deixara estacionada no aparcadoiro de ciclomotores da rúa Manuel Núñez, atopouna caída por mor do mal estado do asfalto téndose este rebrandecido e cedido, provocándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 09/02/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Croques relátalles o accidente ocorrido; igualmente, comprobamos os desperfectos na motocicleta e o mal estado do asfalto.*
- Práctica de proba testifical, en data 26/05/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Croques, aínda que non viu o momento da caída da motocicleta.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 29/05/2006, indicando existiren outras reclamacións por feitos similares no mesmo lugar e que xa se pedira á empresa Dragados (que realizou as obras do aparcadoiro) que subsanasen o problema*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de 08/06/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Depsa, S.A., presentado polo reclamante, por un importe de 355,39 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúse trámite de audiencia á U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción do aparcadoiro da rúa Urzáiz, que formula alegacións en data 03/07/2006.*
- Copia da acta de recepción das obras de construción do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de data 19/11/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 27/09/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa construtora Dragados, en data 02/02/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Acreditado un dano na motocicleta marca Kawasaki 2212 600, matrícula 3296-CNP, propiedade do reclamante, valorado en 355,39 euros, así como que ese dano o foi a consecuencia do funcionamento anormal dun servizo público, procede estimar a reclamación efectuada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. Bruno Croques Bautista polos danos materiais ocasionados á motocicleta de súa propiedade, matrícula 3296-CNP, por mor dunha caída ocorrida o día 9 de febreiro de 2005 no aparcadoiro de ciclomotores da rúa Manuel Núñez e indemnizalo coa contía de 355,39 euros máis os xuros legais correspondentes desde a data da presentación da reclamación (09/02/2006)”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(504).- RECLAMACIÓN DE D^a. TERESA BLANCO PAZÓ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 7090/255. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 16.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona M^a Teresa Blanco Pazó presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xullo de 2005, no que expón que o día 05 de xullo de 2005, ó retirar a lápida a nome de D. Victoriano Blanco do nicho nº 3, zona 1, clase 2^a do Cemiterio de Pereiró, esta rompeuse, polo que se reclaman os gastos dunha lápida nova.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Cemiterios, con data 09/08/2005, manifestando que os oficiais sepultureiros deixaron caer a lápida do Sr. Blanco mentres realizaban traballos de exhumación de restos, partíndose a mesma; así mesmo, indican que a valoración dunha lápida está en 300 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 23/08/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públciso que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de Cemiterios e servizos funerarios nos artigos 25.2 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Baeses do Réxime Local.

No expediente, resulta acreditado segundo dilixencia e informe do servizo de Cemiterios que, con motivo da exhumación do cadáver de D. Victoriano Blanco Vázquez o día 05/07/2005, procedeuse a sacar a lápida do nicho, momento no que caeu rompendo, ó esvararlle das mans ós sepultureiros, caíndo ó chan e partíndose. O mesmo servizo solicitou orzamento dunha lápida, valorándoa en 300 euros.

Polo exposto, constatándose o nexo causal entre o dano causado e o funcionamento dun servizo público, proponse á Xunta de Goberno local, no uso das atribucións que lle confere a lexislación vixente a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. M^a Teresa Blanco Pazó, polos danos causados o 5 de xullo de 2005 á lápida do nicho nº 3, zona 1, calse 2^a do Cemiterio de Pereiró e indemnizalo coa contía de 300 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(505).- RECLAMACIÓN DE D^a. CELIA GONZÁLEZ RABUÑADE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 667/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 20.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Celia González Rabuñade presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xullo de 2005, no que expón que o día 10 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola rúa Raviso, á altura do supermercado LIDL, sufriu unha caída ó tropezar co entullo que había na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, con data 26/07/2005, sobre a frecuencia de limpeza da parroquia.*
- Comparecencia persoal da reclamante nesta unidade de Patrimonio, que presenta uns anteollos damnificados.*
- Práctica de proba testifical, con data 22/09/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/09/2005, indicando que na data do accidente non se realizaban obras na vía en cuestión.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.022,36 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con datas 15/12/2005 e 10/01/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 10 de marzo de 2004, Dna. Celia González Rabuñade caeu na rúa Raviso, caída que lle produciu lesións que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1427 euros. Coa caída rompeu os anteollos que se valoran en 383 euros e ten un gasto de desprazamento do día ó Hospital xeral de 4 euros. Achega facturas de asistencia privada, que non se poden aceptar por canto esta asistencia é voluntaria por parte da interesada ó dispoñer dun sistema público de saúde;*
- *O día da caída non había desperfectos na beirarrúa da rúa Ravisa segundo o informe do servizo de Vías e Obras xa que como afirman as testemuñas propostas as beirarrúas estaban recén reparadas, e no momento da caída había boa visibilidade;*
- *O servizo de Limpeza do Concello informa que a limpeza do camiño se realiza con brigada, unha ou dúas veces ó ano, realizándose a última (corte de silveiras e limpeza de gabias) a finais do ano 2004.*
- *Dna. Celia González afirma que caeu debido a que a beirarrúa ten o biselado de xeito que ó tropezar co entullo iso provocou a caída á beiravía. Descartado coa proba practicada que houbera ningún defecto oculto na beirarrúa ou que o seu biselado sexa un defecto ó estaren recén reparados, soamente se podería imputar á Administración responsabilidade polo feito de que a cantidade de lixo ou circunstancia similar fose tal que propiciase a caída, pero unha das testemuñas non viu caer a interesada e a outra non viu ningún feito causante dela e manifesta que a interesada lle dixo que parecía como se a tivesen tirado por detrás.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os residuos que hai na beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de

conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Engádesse ó anterior unha circunstancia moi cualificada e relevante que hai que ter en conta (ditame 291/2006 do Consello Consultivo de Galicia) que é a que a reclamante reside na propia rúa na que esvarou, sendo polo tanto coñecedora do seu estado de limpeza. Polo que, consonte coa doutrina indicada, pódese dicir que houbo unha falla de dilixencia no control da propia deambulación de Dna. Celia González Rabuñade, que foi o que propiciou a súa caída.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Celia González Rabuñade por unha caída ocorrida o día 10 de marzo de 2004 na rúa Raviso, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(506).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS PAGÁN VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 666/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Carlos Pagán Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de xullo de 2005, no que expón que o día 30 de novembro de 2004, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 4713-BBT, pola rúa Colón, na súa intersección coa rúa Marqués de Valladares, colisionou cunha tapa de sumidoiro que se atopaba levantada, ocasionándose danos no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de servizo da Policía Local, con data 30/11/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán que había unha tapa de sumidoiro fóra de lugar; momentos máis tardes, persóanse na rúa Urzáiz, á altura do número 7, onde o Sr. Pagán relátalles o accidente que tivera na intersección entre Colón e Marqués de Valladares e que intentou proseguir o seu traxecto mais tivo que deter o vehículo.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con data 19/10/2005*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 23/02/2006, manifestando a súa disconformidade con algúns elementos incluídos na factura reclamada.*

- Evacuábase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 03/04/2006.
- Evacuábase trámite de audiencia ó reclamante, con data 20/03/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

O suposto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta

resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Terceiro.- Se ben resulta acreditado polo parte do servizo da Policía Local que o 30 de novembro de 2004 que a requirimento do reclamante estes acudiron a onde este se atopaba e comprobaron que no lugar había unha tapa de arqueta fóra do lugar, volvéndoa a colocar no sitio, os axentes comprobaron que o vehículo puido sufrir danos na parte inferior do motor (carter) ó estar bastante manchado de aceite.

Ós efectos de valoración do dano causado, achégase factura de data 02/06/2005 de reparación do vehículo, 6 meses posterior ó incidente, e unha vez manifestado polo servizo do Parque Móbil do Concello, achégase desglosada, valorando un carter referencia 0301F3 en 200,02 euros, do que discrepta o dito servizo, xa que segundo a súa relación de pezas a dita peza ten un valor de 86,78 euros, IVE engadido.

En todo caso, e sen prexuízo da diferenza de valor considerábel da dita peza que se aprecia na factura, non resulta acreditada que a reparación dunha data tan posterior ó incidente séxao a consecuencia deste, e o reclamante non presente ningunha proba ó efecto, sen que no parte da Policía Local este apareza contrastados e suficientemente probado o dano.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Carlos Pagán Vázquez polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 4713-BBT, por un suposto accidente o día 30 de novembro de 2004 na rúa Colón, ó non resultar convenientemente probado o dano producido e a relación de causalidade entre este e o funcionamento dun servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(507).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ÁNGELA ALONSO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 664/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Ángela Alonso Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de xullo de 2005, no que expón que o día 8 de maio de 2005, mentres camiñaba pola rúa San Roque, esquina coa rúa Andalucía, sufriu unha caída por mor do defectuoso estado das baldosas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 01/02/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 10.051,97 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante con data 05/04/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Dña. María Ángela Alonso Pérez manifesta que sufriu unha caída o día 08/05/2005, se ben posteriormente di o 09/03/2005, na rúa San Roque, esquina coa rúa Andalucía, por mor do defectuoso estado das baldosas da beirarrúa, producíndose danos físicos e rotura de gafas.

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- A reclamante ingresou por urxencias o día 09/05/2005 no Hospital do Meixoeiro, tras sufrir, segundo informe médico que achega, un accidente casual, sendo a alta hospitalaria de 16/05/2005; o ditame médico solicitado ó efecto valora esas lesións en 9.776,97 euros;
- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras do Concello, neste se di que non hai constancia dos feitos denunciados, que o defecto no lugar sinalado é sobre 1 m² e a distancia á que se aprecia é a uns 10 metros de longo. Achega fotografías nas que este se aprecia claramente;
- Solicitado informe á Policía Local, neste participase que non hai constancia de ningunha intervención levada a cabo;
- A reclamante non achega ningunha testemuña dos feitos, nin de asistencia no lugar.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a un accidente casual, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Surpemo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulacón.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguite indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Ángela Alonso Pérez por unha caída ocorrida o día 8 de maio de 2005 na rúa San Roque, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(508).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DE LOS ÁNGELES FERREIRA LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 656/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 19.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María de los Ángeles Ferreira López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xuño de 2005, no que expón que o día 15 de xuño de 2005, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do número 56, sufriu unha caída ó tropezar cunha tapa dunha boca de rega, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 15/06/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Ferreira relátalles o accidente; igualmente, comprobán a existencia da tapa que se movía ó ser pisada.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 30/06/2005, indicando que o mantemento das bocas de rega é competencia da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas.
- Práctica de proba testifical, con data 13/09/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Ferreira.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.205,31 euros.
- Informe da concesionaria U.T.E. Aqualia-FCC, con data 07/11/2005.
- Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 23/12/2005.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 29/12/2005.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos

viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que:

- Dna. María de los Ángeles Ferreira sufriu unha caída a consecuencia de que ó pisar unha arqueta, a súa tapa levantouse debido á rotura que tiña, defecto que non se podía apreciar a simple vista;
- A consecuencia da caída, a reclamante sufriu uns danos que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.205,31 euros.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María de los Ángeles Ferreira López.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo,

debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1.205,31 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(509).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL ALVAREZ ARAUJO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 654/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 19.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Álvarez Araújo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xuño de 2005, no que expón que o día 7 de decembro de 2004, D. Iván Álvarez Álvarez circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-3796-AV, polo Estrada Porto (Beade) e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha existente na calzada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, con data 06/12/2004, no que os axentes actuantes manifiestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Iván Álvarez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos no vehículo, a existencia da focha e dun sinal indicativo do perigo de obras e da prohibición de circular a máis de 40 km/h., así como a insuficiente iluminación do lugar.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/08/2005, indicando que na data do informe a Estrada Porto pertencía á Deputación Provincial de Pontevedra e que a zona onde ocorreu o accidente estaba afectada polas obras de construción do 2ª Cinturón de Circunvalación.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 22/09/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Justo Pérez, presentado polo reclamante, por un valor de 412,31 euros IVE incluído son correctos.*
- Práctica de proba testifical, con data 04/11/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Álvarez.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con datas 01/12/2005.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade cos ditames número 45/1997, 135/2006 e outros do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza; é o que o Consello Consultivo chama o “deber de conducción dirixida”.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Deste xeito, de conformidade co parte da Policía Local que acudiu con posterioridade, compróbase o tramo da estrada onde se produciu o accidente é recto e plano e lixeiramente descendente, que o condutor do vehículo manifesta que circula a unha velocidade normal, así como que sobre a calzada obsérvase unha focha que se atopaba na zona de obras do Segundo Cinturón da cidade e a sinalización do lugar consistía en:

- Sinal de perigo de obras;
- Prohibición de circular a máis de 40 km/h;
- Atención por estreitamento;
- Prohibición de adiantamento.

Na fotografía número 2 que se achega co atestado policial, obsérvase claramente o estado do firme.

Solicitouse así mesmo informe ó servizo de Vías e Obras no que se di que o desperfecto ocupaba todo o largo da calzada e un longo aproximado de 4 metros, producido polo continuo paso de camións de gran tonelaxe que traballaban na construción do Segundo Cinturón da Circunvalación e a empresa que levou a cabo as obras foi a U.T.E. 2º Cinturón.

Practicada proba testifical ós acompañantes no vehículo, manifestan que se miraba ben, que había boa visibilidade. Recordar que se estaban a realizar obras no lugar, pero non viron ningunha sinalización. Ademáis unha destas testemuñas di que ían falando e a estrada non é para andar moi rápido.

Cuarto.- Aceptando os danos materiais no vehículo que se reclaman, respecto á relación causal deste dano co funcionamento dun servizo público, e de conformidade coa doutrina do Consello Consultivo mencionada, non se pode invocar o principio de confianza cando as condicións obxectivas da vía aperciben a un usuario minimamente diligente sobre a presenza na calzada de elementos ou materiais, propios das obras públicas, que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución. Esa evidencia e ostensibilidade dos elementos que incrementan o risco afectan á delimitación do contido protexido da confianza, e incluso, poden enervalo.

E así, analizando os feitos comprobados, resulta que se ben se trataba dunha zona ampla de obras que se atopaba sinalizada e a visibilidade era boa no momento do accidente, así como que o defecto ocupaba todo o largo da calzada, non se observaron os sinais que advertían do perigo na circulación, unha das que prohibía circular a máis de 40 km/h, manifestando o condutor que conducía a unha velocidade normal, e a testemuña que ían falando, polo que só un despiste ou distracción puido causar o accidente, de modo que non se cumpre a chamada “condución dirixida”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Álvarez Araújo polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-3796-AV, por un accidente ocorrido na estrada Porto (Beade) o día 7 de decembro de 2004, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(510).- RECLAMACIÓN DE D^a. LUZ MARTÍNEZ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 648/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 19.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Luz Martínez López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xuño de 2005, no que expón que o día 22 de abril de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 6927-CGC, polo paseo de Doña Fermina e tivo un accidente, á altura do número 3, ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 22/04/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Ángel Pousa Martínez (conductor do vehículo da Sra. Martínez) relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e a existencia da focha.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/03/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente, indicando que a focha se atopaba en zona para circulación de vehículos.*

- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 29/03/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 2005/74 de Talleres Guerra Vigo, S.L., presentada pola reclamante, por un valor de 512,16 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con datas 29/05/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Deste xeito, de conformidade co parte de servizo da Policía Local, que acudiu ó lugar con posterioridade, o vehículo de propiedade da reclamante, turismo Citroen Xsara, matrícula 6927-CGC, conducido por D. Ángel Pousa Martínez, fillo da anterior, os axentes observaron danos do vehículo que afectaban ó neumático, llanta e dirección, así como que no lugar hai unha focha que puido causar a avaría. Estes danos valóranse dun xeito correcto segundo informe do servizo do Parque Móbil do Concello en 512,16 euros.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non

obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así solicitado informe ó efecto ó servizo de Vías e Obras, neste dise que as dimensións do desperfecto son sobre 0,40 centímetros cun diámetro de 0,15 de profundidade e que se aprecia a unha distancia de uns 15 metros. Cómpre ter en conta ademais como sinala a propia reclamante no seu escrito de 17/06/2005 que no lugar existían outras fochancas, e así se comproba nas fotografías que achega, onde se observan claramente as irregularidades do firme. Tamén afirma que foi sobre as 19 horas o incidente do día 22 de abril, e supostamente, polo tanto, cunha boa visibilidade.

É importante reseñar que non hai testemuñas presencias de cómo aconteceron os feitos, xa que os axentes actuantes se presentaron con posterioridade, a instancias do condutor.

Acreditado polo tanto que os defectos da vía eran visíbeis a distancia, en condicións normais de circulación e tránsito, non constituíndo ningún defecto ou trampa oculto, e que non hai testemuñas directas de cómo aconteceron os feitos, non resulta acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, polo que procede desestimar a reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Luz Martínez López polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 6927-CGC, accidentado o día 22 de abril de 2005 no paseo de Dona Fermina, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(511).- RECLAMACIÓN DE D^a. SALUD CASTRO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 642/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 26.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Salud Castro González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xuño de 2005, no que expón que o día 6 de xuño de 2005, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura do número 143, sufriu unha caída por mor do mal estado das baldosas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.

- Informe do servizo da Policía Local, de data 01/02/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 382,20 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 16/05/2006, as testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Castro.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/05/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/06/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.

Constátase polos documentos obrantes no expediente a realdiade da caída da reclamante o día 06/06/2005 na Travesía de Vigo á altura do número 143, preto do seu domicilio, que se atopa no número 147 da mesma vía. O ditame da Asesoría médica do Concello que, consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución e foi emitido o 06/06/2005, non aprecia secuelas dos danos padecidos, valorando estes en 382,20 euros en el literalmente se di: “Por las lesiones que ha presentado y dado que no existen informes que justifiquen la existencia de complicaciones de las lesiones sufridas con 10-15 dçoa de curación parciales deberían de ser suficientes para la curación de lesiones leves como las que ha presentado la lesionada”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual

responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Unha das testemuñas propostas, veciña do lugar, afirma que as baldosas se atopaban levantadas cada dous por tres. O informe do servizo de Vías e Obras solicitado ó efecto afirma que a baldosa na que tropezou a accidentada tiña 1 metro cuadrado por 3 centímetros de profundidade, desperfecto que se observa sobre uns 10 metros de longo. Ademais era de día, a mediodía, e a visibilidade era boa, polo que o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituíndo ningún defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade, da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que se estima que Dna. Salud Castro González no controlou o seu propio deambular, por despiste ou calquera outra circunstancia, o que propiciou a súa caída.

A estos efectos é importante sinalar que hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta segundo doutrina do Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006 para suposto similar, que é que a reclamante reside “a carón” dos defectos estruturais da beirarrúa, e polo tanto tiña que ser coñecedora deles.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Salud Castro González por unha caída ocorrida o día 6 de xuño de 2005 na Travesía de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(512).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ADELINA MÍGUEZ LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 640/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 19.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Adelina Míguez Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Juan José Pereira Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xuño de 2005 no que expón que o día 6 de xuño de 2005, a Sra. Míguez circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Pereira, con matrícula PO-8354-BJ, pola rúa Ronda de Don Bosco, na súa confluencia coa rúa Velázquez Moreno, e colisionou co bordo dunha pedra na calzada, xunto á curva, causándose danos materiais na roda do vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Seguridade, con data 17/01/2006, indicando que a pedra contra a que golpeou o vehículo corresponde ós delimitadores das zonas de circulación de vehículos e peóns.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 28/02/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares, resulta que o reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos, isto é, do feito no lugar indicado e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada, e isto é así por canto non hai nin a reclamante presenta ningunha testemuña dos feitos.

En todo caso, e de conformidade co informe do servizo de Mobilidade e Seguridade emitido ó efecto, os lastros ós que se refire a reclamante son prismas rectos de dimensións 160 x 70 x 1400 milímetros, e que se atopan ancorados no chan en sentido lonxitudinal e fixos nel, delimitando por ambas as dúas marxes da rúa un carril de circulación

de 3,5 metros de largo, isto é un carril suficiente para a circulación, delimitador da zona de circulación de vehículos e de peóns, non se tratando polo tanto nin de ningún defecto nin tampouco oculto, e que soamente debido a un despiste ou negligencia pódese topar con algún deles.

Non acreditado, polo tanto, o accidente no lugar sinalado, nin que os danos foron á consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede indicar que non corresponde ningunha responsabilidade a esta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Adelina Míguez Lorenzo por un accidente ocorrido o día 6 de xuño de 2005 na Ronda de Don Bosco por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(513).- RECLAMACIÓN DE D. DANIEL FERNÁNDEZ LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 638/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 16.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Daniel Fernández Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xuño de 2005, no que expón que o día 24 de marzo de 2005, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6674-BL, pola rúa Eduardo Iglesias, perdeu o control do mesmo, ó esvarar por mor da presenza dunha substancia esvaradiza na vía, provocándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, con data 24/03/2005, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Fernández relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia dos danos materiais no vehículo accidentado e dunha substancia esvaradiza na vía, mesturada con auga da chuvia, que se converte nun perigo para a circulación, polo que proceden a cortar as vías afectadas.*
- *Informe do servizo de Bombeiros, con data 05/07/2005, indicando que foron requiridos pola Policía Local para limpar a vía, para o que utilizaron dezaseis sacos de absorbente.*
- *Informe do servizo de Limpeza, con data 14/07/2005, no que indican que a frecuencia de baldeo da zona onde ocorreu o accidente é diaria (durante a quenda de noite) e que a última vez que se limpou a vía en cuestión fora a noite anterior ó accidente.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 26/07/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 25 de Talleres Condor, presentada polo reclamante, por un valor de 2.428,30 euros IVE incluído son correctos.*

- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 11/08/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicai (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

Seguindo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza posterior e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.

E tanto do informe da Policía local no dáí dos feitos, como informe do servizo de Bombeiros, así como do servizo de Vías e Obras, resultan feitos acreditados que a frecuencia de baldeo na zona onde ocorreu o accidente é diaria e realízase durante a quenda de noite, limpándose por última vez a noite anterior ó accidente. Tamén que unha vez persoados os axentes actuantes no lugar dos feitos cortaron as vías ó tráfico e comunicaron o feito ó sarxento xefe do turno, o que require a presenza do servizo de Bombeiros e de Limpeza que comprobaron que existían grandes manchas de líquidos deslizantes na calzada, procedendo a limpar a zona e empregando ó efecto 16 sacos de absorbente. Constátase polo tanto que a intervención dos servizos municipais foi rápida, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais rpecisos ó efecto, actuadno coa dilixencia debida ó efecto.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que o reclamante sufriu uns danos a consecuencia da actuación dun terceiro, e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial por falta do nexo causal necesario entre o dano e o servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Daniel Fernández Lago polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6674-BL, por mor dun accidente ocorrido o día 24 de marzo de 2005 na rúa Eduardo Iglesias”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(514).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN GONZÁLEZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 612/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 15.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Carmen González Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de maio de 2005, no que expón que o día 23 de maio de 2005, mentres camiñaba pola praza de América, á altura do número 3, sufriu unha caída por mor dunha lousa en mal estado, producíndose a rotura dun pantalón, polo que solicita a súa indemnización.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 24/05/2005, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, atopa a Sra. González sendo atendida nunha ambulancia; igualmente, comproba a existencia da lousa en mal estado, dunha lesión no xeonllo da Sra. González e da rotura do seu pantalón.*

- Dilixencias de comparecencia da Sra. González, con datas 16/06 e 14/07/2005, nas que a reclamante presenta un pantalón deteriorado e roto.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/10/2005, sobre a situación do lugar onde ocorreu o accidente.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 20/10/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Consonte co anterior, do parte do servizo da Policía Local de data 24/05/2005, son feitos probados no expediente que, á consecuencia dunha lousa levantada e dificilmente visíbel, Dna. María del Carmen González Pérez caeu ó chan, rompéndoselle o seu pantalón á altura do xeonllo. Posteriormente, a interesada compareceu nas dependencias do Concello achegando un pantalón negro da marca Burberry cun burato á altura do xeonllo esquerdo, achegando tamén fotografía que obra no expediente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen González Pérez, e indemnizála coa cantidade de 159,48 euros en concepto de danos e perdas derivados do accidente sufrido na vía pública”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(515).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR UTE AQUALIA-FCCSA CONTRA ACORDO ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. EXPTE. 626/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral, do 16.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, en sesión de 4 de decembro de 2006, acorda estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Estrella González Pérez, polos danos ocasionados con motivo dun accidente acaecido o 21 de maio de 2005 á altura do número 94 da rúa Torrecedeira, á vez que declara que a dita responsabilidade patrimonial corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., concesionaria do servizo municipal de augas, polo que deberá indemnizar á reclamante na contía de 5.304,55 euros.

A U.T.E. Aqualia-FCC S.A. interpón, no prazo legal, recurso de reposición, do que se dá traslado, en trámite de audiencia, á reclamante, Dna. Estrella González Pérez, quen presenta escrito de alegacións no que, sen achegar ningún documento ou nova proba, reitera a responsabilidade tanto do Concello como da U.T.E. Aqualia-FCC, e mostra a súa disconformidade coa valoración dos danos, que cuantifica en 16.821,39 euros e que solicita como indemnización. Estas consideracións xa foron tidas en conta polo Concello ó resolver a reclamación por ela presentada.

No seu recurso, a U.T.E. Aqualia-FCC límitase a reproducir alegacións xa expostas no trámite de audiencia, da primeira instancia, e sen que achegue novo elemento de proba nin ningún elemento que desvirtúe o feito fundamental que motivou a estimación da reclamación formulada pola Sra. González, isto é, que os danos se produciron debido a que unha tapa metálica do servizo de saneamento e abastecemento de auga, do que é concesionaria a indicada U.T.E., provocou a caída causante dos danos.

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 04/12/2006, interposto pola U.T.E. Aqualia-FCC, con data 04/01/2007, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(516).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta dos xefes de Negociado do Servizo de Contratación, do 22.03.07, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a IMES S.A. a fianza por importe de 3.789,56 €, constituída para responder das reparações de alumeadado público xa que foron recibidas mediante acta de 23.11.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1732/241.
- b) Devolver a ZUMFER S.A. as fianzas de 1.312,31 e 2.585,45 € constituída para responder da remodelación de vestiarios en campos de fútbol de A Bouza e Carballal, xa que as obras foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 6903/333.

35(517).- PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS DE D. IGNACIO OLIVEIRA LÓPEZ. EXPTE. 17122/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.03.07 e o informe da xefa da Unidade de Persoal do 22.03.07, dáse conta do informe da técnica de Recursos Humanos, do 23.02.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por Resolución do Concelleiro Delegado de Asuntos Sociais de data 23 de decembro de 2005 encomendase ao funcionario D Jose Ignacio Oliveira Lopez, Xefe do departamento de Cultura, con praza de Técnico Superior de Actividades Culturales e Educativas a realización de funcións e cometidos que viña desempeñando o Director do Museo Quiñones de Leon ante a necesidade de manter o normal funcionamento do Museo ata a finalización do permiso sin soldo dun ano de duración (finalización 31 de outubro de 2006), autorizado pola Xunta de Goberno a D. Jose Ballesta de Diego.

Con data 24 de xaneiro de 2007 recíbese na Unidade de Persoal a solicitude de aboamento dun novo complemento de produtividade correspondente á acumulación de funcións de dito funcionario, conformada polo Concelleiro delegado de Asuntos sociais, polo período comprendido entre o 15 de novembro e o 27 de decembro de 2006, segundo resolución que se achega, de 15 de novembro de 2006, do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril (artigo 127.1.h)

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a) con cargo o complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.

Dito importe seria de 966,67 €

Consecuentemente, sómétese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral e da Xunta de Persoal, a seguinte proposta:

“ Recoñecer e aboar ó funcionario Sr. D Jose Ignacio Oliveira Lopez, Xefe do departamento de Cultura, a cantidade de 966,67 €, en concepto de produtividade por acumulacion temporal de dous postos correspondente o periodo comprendido entre o 15 de novembro e o 27 de decembro de 2006.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(518).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS. EXPTE. 17120/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.03.07 e o informe da xefa da Unidade de Persoal do 22.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 23.02.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo escrito de data 19 de febreiro de 2007, remitido a esta Unidade de Persoal polo Coordinador de área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da área, o mantemento das fontes públicas ornamentais ven sendo realizada por persoal do servizo de Electromecánicos. Nembargantes faise necesaria e urxente unha atención máis polo múdo destas fontes no que se refire á limpeza do vaso da fonte, tanto en superficie como no fondo, así como os filtros e o recinto das bombas.

Polo Servizo pedíuse presuposto para este mantemento máis específico e a contía aproximada ascendería ós 600 € mensuais.

Estas operacións non están contempladas dentro das funcións a realizar polo persoal do Servizo, polo que se propón sexan realizadas polos empregados que realizan o mantemento, abonándoselles unha produtividade mensual (de 100 € para o oficial D. Juan Davila Pérez e 60 € para o tamén oficial D. Francisco Oterino Fernández e o axudante D. Javier Bea Puentes –a diferenza entre os dous oficiais ven xustificada xa que o Sr. Davila Pérez ven realizando as funcións propias dun Xefe de Equipo e está ao seu cargo a responsabilidade da brigada encargada dos traballos).

A proposta de acordo sometida a informe desta Unidade consiste na aprobación dun complemento de produtividade polo desenvolvemento de tarefas de especial dedicación na limpeza de fontes públicas ornamentais para o presente ano 2007.

O concepto retributivo de produtividade serviría para recompensar ó especial rendemento e dedicación que se lles esixe aos funcionarios participantes, xa que, segundo o informe do Coordinador de Área de Servizos Xerais estas funcións realizaríanse a maiores do servizo de mantemento que veñen desenvolvendo e as veces teñen lugar fora do seu horario de traballo correspondente.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta no informe do Coordinador da Área de Servizos Xerais de data 19 de febreiro de 2007, puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.

De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

No escrito referenciado infórmase a esta Unidade que os funcionarios aos que correspondería o aboamento de produtividade mensual son os seguintes:

- D. Juan Davila Pérez, (oficial electricista) núm. persoal 14491
- D. Francisco Oterino Fernández (oficial electricista) núm. persoal 10725
- D. Francisco J. Bea Puentes (axudante de oficios), nº de persoal 79136

O establecemento da asignación do complemento de produtividade referido suporía un gasto anual de 2.420 €, sempre e cando dito operativo estivera composto polos tres empregados.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, tendo en conta as especiais circunstancias concurrentes neste caso, o desenvolvemento de tarefas extraordinarias, entre outros, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA de acordo:

“Aprobar a asignación dun complemento de produtividade aos funcionarios que participan no operativo para a limpeza das fontes públicas ornamentais do concello de Vigo polos importes mensuais que se especifica para cada un deles, que se aboaran trimestralmente, previo informe do xefe do servizo acreditativo de que realizaron as funcións obxecto desta produtividade:

- D. Juan Davila Pérez, núm. persoal 14491: 100 €/mes.
- D. Francisco Oterino Fernández, núm. persoal 10725: 60 €/mes
- D. Francisco J. Bea Puentes, nº de persoal 79136: 60 €/mes.

Dese traslado da presente resolución aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(519).- ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN DE D^a. ANA SOTO SOBRADO – SEGUNDO SEMESTRE 2006. EXPTE. 17137/220.

Este expediente incluíuse por erro na orde do día, xa foi tratado na sesión do 19 de marzo de 2007.

38(520).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES O MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 17162/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.02.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 14.03.07, conformado pola xefa da Undiade de Persoal e o concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 10.251€. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Patrimonio e Contratación, Benestar Social, Educación, O.S.P.I.O., Cemiterios, Conserxeria, Vias e Obras, Inspección de Tributos, Inspección de Vias e Obras, Participación Cidadá e Mobilidade e Seguridade, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

Código	Servicio	Euros
1211	Patrimonio e Contratación	110.01 €
3130	Benestar Social	14.06€
4220	Educación	472.72€
5110	O.S.P.I.O.	585.58€
4430	Cemiterios	132.24€
1210	Conserxeria	1082.62€
5110	Vias e Obras	1859.47 €
6110	Inspección de Tributos	5160.40€
4631	Participación Cidadá	38€
2220	Mobilidade e Seguridade	795.91€
		10.251€

39(521).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A VILA COMESAÑA Y CIA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA FOTÓGRAFO ANGEL LLANOS. EXPTE. 71919/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 20.03.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de marzo de 2006 por VILA COMESAÑA Y CIA, SL, con NIF B-36704625 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa FOTÓGRAFO ANGEL LLANOS, por non producirse danos.

40(522).- CONVOCATORIA DE 12 BOLSAS DE FORMACIÓN PARA PRÁCTICA NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS. EXPTE. 2087/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 1.03.07, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria de doce bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Turismo e Comercio, que se desenvolverán dende o 15 de xuño de 2007 ata o 15 de outubro de 2007 (4 meses), ámbolos dous inclusive.

2º.- Aprobar o gasto de 36.000 euros para a dotación económica das bolsas mencionadas no punto anterior, con cargo á partida orzamentaria 7510.4810000, “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor.

3º.- Aprobar o gasto de 225 euros para cubrir ás pólizas de seguros por risco profesional para todos e cada un dos adxudicatarios ou adxudicatarias das becas que se convocan neste intre, con cargo á partida orzamentaria 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS

Primeiro.- Obxecto

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo convoca a concesión de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos para o período estival 2007.

Segundo.- Número de becas

Convócanse 12 becas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servizos turísticos que a Concellería de Turismo e Comercio porá a disposición do público no período estival comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de outubro, ámbolos dous inclusive, do ano 2007.

Terceiro.- Dotación

A contía da convocatoria ascende á cantidade de 36.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto prorrogado actualmente en vigor. O cálculo total resulta da multiplicación de 750 euros brutos/beca x 12 becas x 4 meses.

Cuarto.- Prazo

O Prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requerida nas bases desta convocatoria.

Sexto.- Duración das bolsas

As prácticas terán unha duración de catro meses durante o período estival de 2007. Comenzarán, en principio, o día 15 de xuño e rematarán o 15 de outubro, ámbolos dous inclusive, do ano 2007. No caso de que o comezo das prácticas tivese que alterarse por algunha causa, o remate acortárase ou prolongárase tantos días como se teña adiantado ou retrasado o comezo da actividade.

Sétimo.- Pagamento

O pagamento das becas fázase mensualmente, entre os días 1 e 5 do mes seguinte, mediante talón bancario nominativo. O procedemento de pago realízase polo procedemento de libramento a xustificar a nome do habilitado do Servizo de Turismo e Comercio.

Na xustificación do libramento aportárase certificación de conformidade polos servizos prestados polos becarios ou becarias, realizado polo técnico competente do servizo de Turismo e Comercio.

Oitavo.- Bases

As bases xerais que rixen esta convocatoria destinadas á realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos foron aprobadas, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 21 de agosto de 2006, anexo 1. "Bases para a convocatoria de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos".

Noveno.- Prazo de resolución e notificación

- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computárase a partir da publicación da correspondente convocatoria.
- A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A práctica de dita notificación ou publicación axustárase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

41(523).- PRÓRROGA PARA O REMATA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 PERI 4 BARREIRO 2. EXPTE. 4742/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro técnico de obras públicas, do 5.03.07, conformado polo adxunto ó director dos servizos técnicos, que di o seguinte:

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo o 10.10.02 deu aprobación definitiva ó proxecto de urbanización do polígono 1 do PERI "4 Barreiro-2". Logo da tramitación do oportuno expediente de contratación, se formalizou contrato coa empresa "Movexvial" o 6.11.06.

En data 7.11.06 se asina acta de comprobación de replanteo. O prazo de execución das obras de urbanización, é de 4 meses.

O 2.03.07 se recibe escrito por parte de Movexvial, adxudicataria do contrato, polo que se solicita o seguinte: "(...) En relación con la obra de Epígrafe de la cuál esta Empresa es adjudicataria, cuyo plazo de ejecución finaliza el 7 de marzo de 2007, deseamos expresarle que debido a causas ajenas a la Empresa, como la imposibilidad de compactar los terraplenes debido a la climatología adversa y la interferencia de varias líneas aéreas tanto de telefónica como de fenosa en la traza de os viales y que todavía no han sido cambiados, no podemos terminarla en la fecha arriba señalada (...)".

Tendo en conta que se entenden razonados os argumentos que aconsellan o aplazamiento de determinadas unidades de obra, en espera dunha climatoloxía máis favorable, informando favorablemente a ampliación citada, solicitando a correspondente autorización do órgano competente, de acordo co articulado do prego de cláusulas administrativas.

*Por todo elo, de acordo co previsto no 101 do real decreto 1091/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobou o regulamento xeral da Lei de contratos, **SE PROPOÑE á Xunta de goberno local:***

1.- Acceder á prórroga solicitada por “Movexial” de un mes e medio do prazo de execución das obras de urbanización do “polígono 1 do PERI 4 Barreiro 2”.

2.- Dar conta da presente resolución á empresa adxudicataria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(524).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DAS FINCAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 197/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 22.03.07, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Na sesión de 12.03.07 da Xunta de goberno local se adoptou o seguinte acordo: “(...) SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque, rectificado tra-la estimación de alegacións, coa folla de aprecio transcrita na parte expositiva deste Acordo, e Memoria e Planos redactado polo arquitecto D. Xosé A. Comesaña García e D. Diego Gómez Fernández, visados polo COAG no 15.02.2007 <expte. 197/413> (...)”.

Na folla de valoración que se achegaba co informe proposta, preveía unha valoración total de 162.486,37 € cando en realidade no informe do director adxunto da oficina de xestión e planeamento, se preveía unha valoración total de 159.830,99 €. Polo tanto procede rectificar a folla de valoración ó tratarse dun erro material.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Concurrencia dun erro material o de feito no acordo da Xunta de Goberno Local de 12.03.07.- De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a Administración poderá rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seu acto. Polo tanto procede rectificar a folla de valoración da parcela número 11, sendo o contido correcto o seguinte:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 11			
PROPIETARIO: HRDOS DE CARLOS MARTINEZ ESTEVEZ E SOFIA MARQUEZ MARTINEZ			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO €/m2	IMPORTE €
100,95 m2	Terreo	1.507,875	152.219,99
	5% premio afección.....		7.611,00
	Total valoración.....		159.830,99

2.- Competencia para a adopción do presente acordo.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar a folia de valoración contida no acordo da Xunta de Goberno Local de 12.03.07 (expte. 197/413).

SEGUNDO.- Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación, expropiados e alegantes, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(525).- ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DO POLÍGONO IV DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 4661/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 14.03.07, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Por acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 se deu aprobación inicial os estatutos e bases de actuación no polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Bouzas.

Con posterioridade a propia Xunta de goberno local de 13.11.06 adoptou o seguinte acordo:”(...) PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido nos antecedentes do acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 polo que se aprobaron inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, no que se refire á referencia ó polígono VI, cando en realidade debe figurar o IV (...)”.

O acordo de aprobación inicial e a súa rectificación foi publicada no BOP de Pontevedra e no Faro de Vigo, os días mencionados no punto primeiro da fundamentación xurídica.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Procedemento de aprobación dos estatutos e bases de actuación.- Tendo en conta o disposto no artigo 155 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se procedeu á aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación. O anuncio de aprobación inicial (e a súa rectificación) foi publicado Faro de Vigo de 20.10.06 e 12.01.06, no BOP o 3.11.06, 3.01.07 e 26.01.07. A notificación do acordo de aprobación inicial foi realizado a todas as persoas que constan como interesadas no expediente administrativo. Queda acreditado que os propietarios que presentan o proxecto de estatutos e bases supera o 50% da superficie do polígono.

2.- Resultado do trámite de información pública e de audiencia.- Durante o trámite aludido don Baltasar Alonso Barreiro e dona Josefa Alonso Barreiro, presentan escrito (doc 70008596) no que se informa do seguinte: “(...) se tenga a los propietarios de las fincas por adheridos a los Estatutos y Bases presentados a esta Administración y siga el procedimiento sus legales trámites (...)”. No mesmo sentido, dona Lucía de la Rosa presenta escrito o 24.10.06 (doc 60089644).

3- Constitución da xunta de compensación.- Unha vez aprobados definitivamente os estatutos e bases, todos os propietarios serán requeridos para a constitución da Xunta de compensación. A mesma actuará como fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os predios que pertencen ós propietarios incorporados voluntariamente a ela. Os propietarios non adheridos, tra-la solicitude da Xunta de compensación, procederá a incoación do correspondente expediente expropiatorio. Os propietarios non promotores da Xunta poderán incorporarse ou adherirse a esta, con igualdade de dereitos e obrigas, ben no acto constitutivo, ben dentro do prazo dun mes dende a notificación da súa constitución. Para que a adhesión resulte efectiva deberá manifestarse ante notario e comunicarse por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Nese escrito o propietario deberá aceptar estas Bases e Estatutos, con indicación dos seus datos persoais, enderezo para notificacións e descripción da súa finca. Tamén acreditará deberá acreditar a súa titularidade.

4.- Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da Xunta de compensación. De tal circunstancia se dará traslado á Xerencia municipal de urbanismo.

5.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, á vista dos fundamentos aludidos, SE PROPOÑE A SEGUINTE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente os estatutos e bases de actuación a aplicar ó “polígono IV do PEPRI de Bouzas” (4661/401) presentados o 17.02.06 (doc 60017658) coas correccións aportadas ó expediente o 29.05.06 (doc 60058514).

SEGUNDO.- Requerir ós propietarios integrados no polígono IV para que constitúan a Xunta de Compensación no prazo máximo dun mes dende a notificación do presente acordo. Para a constitución da Xunta de Compensación se deberá ter en conta o disposto no artigo 8º e seguintes dos estatutos que neste acto se aproban definitivamente. Nomear como representante da Administración na Xunta de Compensación a don José Manuel Figueroa Vila, Vicepresidente da Xerencia municipal de Urbanismo e Concelleiro delegado de urbanismo.

TERCEIRO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente. Comunicar que contra o presente acordo caberá interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante a presente Administración no prazo dun mes dende a recepción da notificación ou, contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(526).- RECTIFICACION DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 5.03.07 DE DESESTIMENTO DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO 30.10.06 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. I-02 REGUEIRO. EXPTE. 4649/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 26.03.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 5 de marzo de 2007, adoptou o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO.- Aceptar o desistemento do recurso de reposición interposto por dona Concepción Besada Giráldez e dona José Justo Hidalgo de 15.12.06 e 18.01.07, respectivamente (...)”.

Nos antecedentes do acordo se facía mención á data de presentación dos recursos de reposición. Non obstante, comprobados os mesmos se detecta un erro na data de presentación do recurso de dona Concepción Besada Giráldez. Así mesmo, deberá reflexarse correctamente o nome dunha das persoas que solicita o acordo de desistemento do recurso de reposición.

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Rectificación de erro material o de feito.- De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a Administración poderá rectificar en calquera momento de oficio o a solicitude de interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o contido do 127.1.d a atribución para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, SE PROPOÑE a adopción do seguinte acordo:

1.- Rectificar no acordo da Xunta de goberno local de 30.10.06 a data de presentación do recurso de reposición de dona Concepción Besada Giráldez, sendo o correcto ó de 15.12.06. Así mesmo facer constar que o nome correcto da outra persoa que desiste do recurso é don José Justo Hidalgo.

2.-Notificar o presente acordo ós interesados tendo en conta que contra o mesmo poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo de un mes ante esta Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(527).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica en funcións da Oficina municipal de voluntariado, do 27.03.07, conformado pola concelleira delegada de dita oficina, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención segundo a convocatoria, realizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG de data 16 de marzo de 2007, dirixidas ós Concellos e ás mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

Relación de Proxectos:

- Potenciación da Oficina Municipal de Voluntariado.
- Voluntarios e Voluntarias en Acompañamento.
- Voluntariado Medioambiental.
- Formación de Voluntarios/as da OMV, Formación para Xestores/as e para Voluntarios e Voluntarias das Onl,s. Accións de Seguemento e Avaliación.
- Campaña Informativa do Voluntariado a través dun Portal Interactivo de Voluntariado en Internet. Potenciación do Portal de Voluntariado.
- Campaña de Sensibilización do Voluntariado a través da OMV:
 - Campaña de Publicidade
 - Mostra de Voluntariado

- Voluntarios/as para a realización das Actividades propias das Asociacións Inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Proxecto de Voluntariado en Hospitais Centros da Terceira Idade e Menores.
- Estatísticas, Estudos e Investigación sobre o Voluntariado.

46(528).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GALERÍA TRIART S.L. CONSTITUÍDA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO POR OBRA. EXPTE. 25932/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 21.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 08 de novembro de 2006 e núm. de expediente 50926-250.06 autorizouse a ocupación da vía pública cun valado de obra na r/ Gamboa, 3 para reforma comercial respetando a fachada. Lic. 52383-421, condicionada o depósito dunha fianza de 3.000 euros, depositada con número de operación-200600055029 de data 08-11-2006.

Solicitada a devolución da fianza, con data de entrada no rexistro xeral de 07-03-2007 con número de documento 70028480, remítese o inspector para informe de si sigue facendo uso da vía pública e estado da mesma. Con data 20 de marzo de 2007, o inspector comunica que o valado retirouse e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de GALERIA TRIART, S.L., depositada na Tesourería municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de tres mil euros (3.000 €), a favor de GALERIA TRIART, S.L., depositada na Tesourería municipal.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

47(529).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DUN OFICIAL-PAVIMENTADOR E DOUS OPERARIOS-PAVIMENTADORES. EXPTE. 17175/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.03.07, dáse conta do informe da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 20.03.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 4 de decembro do 2006, adoptou acordo para a contratación por acumulación de tarefas de un Oficial-Pavimentador e dous Operarios-Pavimentadores.

Constituída a comisión de valoración para xulgá-lo proceso selectivo de dita contratación e segundo se desprende da acta de data 4 de xaneiro do 2007, pola que se propón a esta Alcaldía-Presidencia a contratación laboral por acumulación de tarefas e polo período de tres meses, os aspirantes que superáron as probas e obtiveron a máxima puntuación.

Con data 9 de xaneiro do 2007 e ata o 8 de abril de 2007 procedeuse á contratación de don Jesús Antonio Conde Cameselle, coa categoría de Oficial Pavimentador e a don Brais Calles Alonso e dona María del Carmen Barros Abalde, coa categoría de operarios-pavimentadores, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.

Tendo en conta o escrito de data 12 de marzo de 2007, asinado polo Capataz de Vías e Obras e conformado polo concelleiro delegado de Servicios Xerais, Carlos Comesaña Abalde, no que se pon de manifesto a continuidade das circunstancias que se déron para a contratación inicial, solicitando por parte da mesma a prórroga dos devanditos contratos, parece oportuna a tramitación do presente expediente.

Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano –con carácter improrrogable– e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización das prorrogas solicitadas, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

Custo da prórroga por un periodo de tres meses:

IMPORTE RC.....19.005.- EUROS.

-Códigos a efectos nómina: Cod. posto of.-pav.:243, cod. pto. op-pav.:158, cod. serv. Vías e obras: 442.

-Custo 2 operarios-pavimentadores x 3 meses.....12.230.- E

-	Básicas.....	525,57.-
	C.D.....	284,98.-
	C.E.....	<u>560,29.-</u>
	Total (1 op.).....	1.370,84.-
	P.P.Extra.....	685,42.-
	S.S. Concello	<u>439,00.-</u>

- Custo de 1 Oficial-pavimentador x 3 meses..... 6.775.- E.

Básicas.....	575,68.- E.
C.D.....	352,94.- E.
C.E.....	<u>560,29.- E</u>

TOTAL..(1 of.) 1.489 .- E

P.P. Extra..	745,00.-E
S.S. Concello	<u>521,00.- E</u>

Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.l.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga dos contratos subscritos en data 9 de xaneiro do 2007, co Oficial-Pavimentador, don Jesús Antonio Conde Cameselle e as/os dous/as operarios Pavimentadores, don Brais Calles Alonso e Maria do Carme Barros Abalde, por un período de tres meses (dende o 9 de abril do 2007 ata 8 de xullo do 2007) e nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 19.005.- €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.

SEGUNDO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(530).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES E SEIS OPERARIOS-PAVIMENTADORES. EXPTE. 17176/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.03.07, dáse conta do informe da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 20.03.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de febreiro do 2007, adoptou acordo para a contratación por acumulación de tarefas de dous Oficiais-Pavimentadores e seis Operarios-Pavimentadores.

Constituída a comisión de valoración para xulgá-lo proceso selectivo de dita contratación e segundo se desprende da acta de data 4 de xaneiro do 2007, pola que se propón a esta Alcaldía-Presidencia a contratación laboral por acumulación de tarefas e polo período de tres meses, os aspirantes que superáron as probas e obtivéron a máxima puntuación.

Con data 13 de febreiro do 2007 e ata o 12 de maio de 2007 procedeuse á contratación de don Marcos Cruces Castro e con data 14 de febreiro e ata 13 de maio do 2007 formaliza o contrato don José Bergues Rodríguez, coa categoría de Oficiales Pavimentadores e a don José Luis Conde Cameselle, M. Angeles Crispin Mosquera, José Luis Fernández Ruiz, Carlos Luciarte Pérez, M. Cruz Roa Romero, coa categoría de operarios-peóns e asimesmo, con data 21 de febreiro do 2007 e ata 20 de maio do 2007 formaliza contrato dona Carme Otero Rodríguez, tamén coa categoría de operaria-peón, para cubrir a vacante producida pola renuncia de don Antonio García Recamán, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.

Tendo en conta o escrito de data 12 de marzo de 2007, asinado polo Capataz de Vías e Obras e conformado polo concelleiro delegado de Servicios Xerais, Carlos Comesaña Abalde, no que se pón de manifesto a continuidade das circunstancias que se déron para a contratación inicial, solicitando por parte da mesma a prórroga dos devanditos contratos, parece oportuna a tramitación do presente expediente.

Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano –con carácter improrrogable– e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización das prorrogas solicitadas, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

Custo da prórroga por un periodo de 3 meses:

Importe RC..... 50.240.- Euros.

-Códigos a efectos nómina: Cod. posto of.-pav.:243, cod. pto. op-pav.:158, cod. serv. Vías e obras: 442

-Custo 6 operarios-pavimentadores x 3 meses..... 36.689,64 .-E

-	Básicas.....	525,57.-
	C.D.....	284,98.-
	C.E.....	<u>560,29.-</u>

Total (1 op.).....	1.370,84.-
P.P.Extra.....	685,42.-
S.S. Concello	<u>439,00.-</u>

- Custo de 2 oficiais-pavimentadores x 3 meses..... 13.550 .- E.

Básicas.....	575,68.- E.
C.D.....	352,94.- E.
C.E.....	<u>560,29- E</u>

TOTAL..(1 of.) 1.489 .- E

P.P. Extra...	745,00.-E
S.S. Concello.....	<u>521,00.- E</u>

Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.l.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga dos seguintes contratos:

1º.- Contratos subscritos en data 13 de febreiro do 2007, co Oficial-Pavimentador, don Marcos Cruces Castro e as/os operarias/os Pavimentadores, don José Luis Conde Cameselle, M. Angeles Crispín Mosquera, José Luis Fernández Ruiz, Carlos Luciarte Perez, M Cruz Roa Romero, por un período de tres meses (dende o 13 de maio do 2007 ata o 12 de agosto do 2007).

2º.- Contrato subscrito con data 14 de febreiro do 2007, con don José Bergues Rodríguez, coa categoría de oficial-pavimentador, por un período de tres meses (dende o 14 de maio do 2007 ata 13 de agosto do 2007).

3º.- Contrato subscrito con data 21 de febreiro do ano 2007, dona Carme Otero Rodriguez, coa categoría de operaria-pavimentadora, por un periodo de tres meses (dende o 21 de maio do 2007 ata 20 de agosto do 2007).

SEGUNDO.- Nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 50.239,64.- €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.

TERCEIRO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(531).- MODIFICADO Ó DE PISCINA CUBERTA EN VALADARES-VIGO. Expte. 11965/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 2.04.07, que di o seguinte:

O proxecto “Modificado do proxecto de piscina cuberta en Valadares, Vigo” foi redactado polo arquitecto municipal D. Alberto Avia Alonso, en novembro de 2006.

O orzamento adicional líquido do proxecto que se xunta é de sesenta e catro mil douscentos oitenta e tres euros con coarenta e tres céntimos (62.283,43 €).

A este proxecto modificado aplicaráselle integramente o Estudio de Seguridade e Saúde que se contempla no Proxecto Primitivo, así como o Plan de Seguridade e Saúde da empresa adxudicataria das obras; polo que non se considera necesario incluílo no Proxecto Modificado.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (BOE 21.06.2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (BOE 26.10.2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación aos efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto Modificado do proxecto de Piscina cuberta en Valadares, Vigo, cun orzamento adicional líquido de sesenta e catro mil douscentos oitenta e tres euros con coarenta e tres céntimos (64.283,43 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicaamente o proxecto Modificado do proxecto de Piscina cuberta en Valadares, Vigo, cun presuposto adicional líquido de 64.283,43 euros.

50(532).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAIS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE DROGAS DO CENTRO UAD-CEDRO E UNIDADE DE DÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20808/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 26.03.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Prorrogar o contrato de prestación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro UAD-CEDRO e Unidade de Día do concello de Vigo subscrito coa empresa Euxa Servicios Comunitarios Sociosanitarios, S.L. polo periodo comprendido entre o día 01.04.2007 e 31.03.2007.

51(533).- CONSULTA SOBRE DECISIÓN DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE NAS ILLAS CÍES”. EXPTE. 4921/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 05.03.2007 tivo entrada no Rexistro Xeneral municipal (Doc. nº 70027313) un oficio da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente ao que se acompaña unha copia, en soporte informático, do proxecto “MELLORA DE ACCESIBILIDAD NAS ILLAS CÍES P.N.M.T. ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. TM VIGO (PONTEVEDRA)” (Memoria-resume e planos), promovido pola Dirección Xeral de Costas e redactado pola consultora “Ingeniería Civil do Atlántico, S.A.”, sobre o que procede adoptar unha decisión sobre o sometimento a procedemento de EIA conforme á normativa aplicable (RDLeg. 1302/1986, de 28 de xuño).

I.2. Solicítase deste Concello a emisión de informe sobre se devandito proxecto pode causar impactos ambientais significativos e, no seu caso, posibles modificacións do proxecto ou consideracións sobre o alcance e contidos específicos a incluír no Estudo de Impacto Ambiental, así como calquera outras observacións a ter en conta polo promotor.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *L.15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atánticas de Galicia (BOE nº 157, de 02.07.2002).*
- *L.4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres (BOE nº 74, de 28.03.1989).*

- *RD Leg.1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.*
- *LOUGA (L.9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia).*
- *LRBRL (L.7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *ROF (RD.2568/1986, de 28 de novembro, Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).*

III. INFORME

III.1. En virtude da Lei estatal 15/2002, de 1 de xullo, declarouse o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, no que se inclúe o Arquipélago das Illas Cíes, declarado anteriormente "Parque Natural" por RD.2497/1980, de 17 de outubro, ao amparo do disposto no artigo 5 da derogada L.15/1975, de 2 de maio, de Espazos naturais protexidos.

III.2. A teor dos títulos competencias recollidos na normativa básica estatal de Réxime local e na lei de Administración local de Galicia, corresponde ao Concello de Vigo a potestade de programación ou planificación (Arts. 4.1.c] da LRBRL e do ROF) e ostenta competencias, entre outras, en materia de protección do medio ambiente (Arts. 25.2.f] e 80.2.f] LALGA) e ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística (Arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA) sobre todo o término municipal, aínda que haberá que ter presente o carácter prevalente dos instrumentos de planificación ambiental sobre as ordenacións urbanísticas e territoriais (Art. 19.2 L.4/1989), que deberán adaptar as súas previsións ás limitacións derivadas da L.15/2002 e aos instrumentos de planificación que se aproben en desenvolvemento e aplicación dela (Art. 4.2 L.15/2002).

III.3. A L.15/2002, obriga a clasificar todos os terreos incluídos no Parque Nacional como chan non urbanizable obxecto de especial protección ou clase equivalente regulada pola lexislación urbanística; no noso caso (LOUGA): «chan rústico de protección de espazos naturais».

O réxime desta clase de chan ten por obxecto, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora específica, preservar os valores naturais, ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, científicos ou recreativos que xustifiquen a súa protección, permitíndose mediante licenza municipal usos de carácter científico, escolar, divulgativo e de lecer e, con autorización autonómica, usos vinculados á conservación, utilización e goce do medio natural, entre outros (Art. 40 LOUGA).

III.4. En relación coa documentación do proxecto remitido pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental e por solicitude do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, o 19.03.2007 a xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, Sra. Santiso Gil, emitiu o 19.03.2007 o seguinte informe:

“Con data 16 de marzo recíbese dilixencia do Concelleiro delegado de Medio Ambiente interesando informe sobre o asunto de referencia. Respecto diso, consultada a documentación do expediente e ao enxeñeiro do IN-CAT, consultor autor do proxecto, infórmase o seguinte:

Das obras proxectadas non se prevén impactos ambientais significativos que non se poidan corrixir coas medidas preventivas e correctoras previstas e co correcto seguimento das mesmas, tanto pola Dirección de Costas como pola Dirección do PNMT Illas Atlánticas.

As actuacións consisten na rehabilitación do dique actual da pechadura de la “Lagoa dos Nenos” e na creación dun novo camiño de acceso desde o peirao de Rodas á rede de camiños interiores, co obxecto de mellorar a accesibilidade do parque respectando o sistema dunar existente.

As accións propostas para mellorar a accesibilidade, son tamén de mellora ambiental, dado que se elimina o muro de mampostería do actual camiño de hormigón, restablecendo o transporte eólico natural entre a duna e a praia, actualmente interrompido, e realízase tamén un camiño peatonal de madeira sobre pilotes, pola zona inactiva do sistema dunar. Así mesmo mellórase o funcionamento hidráulico do dique conseguindo mellorar a renovación do auga e diminuír o actual proceso de colmatación, que vén sufrindo A Lagoa dos Nenos.

En ambas actuacións non se prevé o emprego de maquinaria pesada, nin a construción de accesos para as obras que poderían xerar impactos asociados, xa que, para a rehabilitación do dique, existe un acceso directo desde o peirao de carga, e para o acceso de madeira sobre pilotes accédese directamente desde o peirao de Rodas.

Con todo considérase conveniente eliminar o camiño de formigón actual, en lugar de deixar que a duna actual o cubra como se propón no proxecto, xa que, o transporte de escombros do parque ata o vertedeiro de terra é perfectamente posible”.

IV. PROPOSTA

Polo que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar conformidade ao informe da xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, transcrito na parte expositiva deste acordo, en relación coa documentación remitida pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente do Proxecto “MELLORA DE ACCESIBILIDAD NAS ILLAS CÍES P.N.M.T. ILLAS ATLÁNTI-CAS DE GALICIA. TM VIGO (PONTEVEDRA)”, promovido pola Dirección Xeral de Costas e redactado pola consultora “Ingeniería Civil do Atlántico, S.A.”.

SEGUNDO: Remitir urxentemente certificación oficial deste acordo á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

52(534).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.